



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE MARZO DE 2013.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do xoves día **CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión **ordinaria e urxente** (convocada verbalmente pola Alcaldesa e comunicada á secretaria xeral as trece horas e quince minutos do mesmo día), coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **Dº KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da secretaria xeral do concello **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve así :

1º.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

En primeiro lugar, segundo o artigo 79 e 113 do RD 2568/1986 , regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, a Alcaldesa somete a votación a **urxencia da convocatoria da sesión, que resulta aprobada por unanimidade dos presentes.**

2º.-ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Ramiro Antonio Costa Varela.

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente. Pásase a tratar o asunto:

1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Ramiro Antonio Costa Varela.



Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 22 de febreiro de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Ramiro Antonio Costa Varela	Foxo, 15 - Silleda

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Ramiro Antonio Costa Varela nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 22 de febreiro de 2013.

2.- Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 14 de febreiro de 2013, (Rexistro de Saida da Xunta nº 24821/RX109008 de data 18.02.13 e Rexistro de Entrada no Concello nº 889, de data 20 de febreiro de 2013), sobre tala de árbores promovido por Pazo de Trasfontao S.L.

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F., a Alcaldesa somete a votación a urxencia deste asunto para tratar na sesión , co seguinte resultado:


- Votos en contra: un (1) voto (do concelleiro do grupo Mixto)
- Abstencións: ningunha.
- Votos a favor: catro (4) votos (catro votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE).

A Alcaldesa decide que non se inclúa na orde do día, que non se declara urxente, sin haber opinión nin manifestación en contra deste, quedando pendente este asunto.

3.- Escritos da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, achegando actas de entregas de obras:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local **acorda** tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes. Pásase a tratar o asunto:

3.- Escritos da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, achegando actas de entregas de obras:





3.1.- Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, de data 6 de febreiro de 2013, (Rexistro de Saida da Xunta nº 22215/RX95665 de data 11 de febreiro de 2013 e Rexistro de Entrada no Concello nº 832, de data 18 de febreiro de 2013), mediante o cal remítese acta de entrega da obra X-10967 "Proxecto de Camiño de Freixeiro e outros (Silleda-Pontevedra), a cal trascríbese a continuación:

"COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO "PROXECTO DE CAMIÑO DE FREIXEIRO E OUTROS (SILLEDA-PONTEVEDRA)" X-10967

A obra "Proxecto de Camiño de Freixeiro e outros (Silleda-Pontevedra)" X-10967, que está incluída dentro dos plans de mellora de infraestructuras Rurais a realizar polo Consellería de Medio Rural foi executada conforme ó proxecto aprobado polo órgano competente.

*De acordo co establecido no convenio de cooperación entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o concello de **SILLEDA** para a execución desta obra, o concello comprométese a asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación da Consellería, a explotación, mantemento e conservación das obras.*

O amparo do anterior, polo presente comunicaselle que foi recibida a devandita obra, quedando polo tanto esta administración relevada de toda responsabilidade e desvencellada da obra, agás no suposto de vicios ocultos da construción, debido ó incumprimento do contrato polo contratista a teor do preceptuado no artigo 219 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, debendo comunicarse a esta Dirección Xeral por parte dese concello a existencia dos ditos vicios ou defectos, co fin de exercita-las accións legais oportunas.

Santiago de Compostela, a 30 Xan. 2013

*O director xeral de Desenvolvemento Rural,
Asdo.: Antonio Crespo Iglesias"*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda** aceptar as obras do **Proxecto de Camiño de Freixeiro e outros (Silleda-Pontevedra)**.

3.2.- Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, de data 14 de xaneiro de 2013, (Rexistro de Saida da Xunta nº 8980/RX37104 de data 18 de xaneiro de 2013 e Rexistro de Entrada no Concello nº 358, de data 24 de xaneiro de 2013), mediante o cal remítese acta de entrega da obra X-10914 "Proxecto de Mellora da capa de rodaxe dos camiños O Coto, Martixe de Abaixo, Castro Castriño-Portapiñeiro, O Portiño e O Souto (Silleda-

Pontevedra), a cal trascríbese a continuación:

"COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO "PROXECTO DE MELLORA DA CAPA DE RODAXE DOS CAMIÑOS O COTO, MARTIXE DE ABAIXO, CASTRO CASTRIÑO-PORTAPIÑEIRO, O PORTIÑO E O SOUTO (SILLEDAPONTEVEDRA)" X-1 0914

A obra "Proxecto de Mellora da capa de rodaxe dos camiños O Coto, Martixe de Abaixo, Castro Castriño-Portapiñeiro, O Portiño e O Souto (Silleda-Pontevedra)" X-10914, que está incluída dentro dos plans de mellora de infraestruturas Rurais a realizar pola Consellería de Medio Rural foi executada conforme ó proxecto aprobado polo órgano competente.

*De acordo co establecido no convenio de cooperación entre a Consellería de Medio Rural do Mar e o concello de **SILLEDA** para a execución desta obra, o concello comprométese a asumir, unha vez recibidas as obras e logo da comunicación da Consellería, a explotación, mantemento e conservación das obras.*

O amparo do anterior, pola presente comunicaselle que foi recibida a devandita obra, quedando polo tanto esta administración relevada de toda responsabilidade e desvencellada da obra, agás no suposto de vicios ocultos da construción, debido ó incumprimento do contrato polo contratista a teor do preceptuado no artigo 219 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, debendo comunicarse a esta Dirección Xeral por parte dese concello a existencia dos ditos vicios ou defectos, co fin de exercita-las accións legais oportunas.

Santiago de Compostela, a 9 Xan. 2013

*O director xeral de Desenvolvemento Rural,
Asdo.: Antonio Crespo Iglesias"*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** aceptar as obras do **Proxecto de Mellora da capa de rodaxe dos camiños O Coto, Martixe de Abaixo, Castro Castriño-Portapiñeiro, O Portiño e O Souto (Silleda-Pontevedra)**.

4.- Remisión a medio ambiente do expediente promovido por Félix Castro Rozados para acondicionamento de local para destinalo a taller de electromecánica, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, nº 16 baixo (Silleda).

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. nº





unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente Pásase a tratar o asunto:

4.- Remisión a medio ambiente do expediente promovido por Félix Castro Rozados para acondicionamento de local para destinalo a taller de electromecánica, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, nº 16 baixo (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente promovido por Dº FÉLIX CASTRO ROZADOS, en virtude de instancia de data 15 de maio de 2012, (Rexistro de Entrada nº 2635 de data 16 de maio de 2012), para acondicionamento de local para destinalo a taller de electromecánica, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, nº 16 baixo (Silleda).

RESULTANDO: Que con data 30 de agosto de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestando conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 30 de agosto de 2012.

RESULTANDO: Que con data 30 de agosto de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:


“

<i>Solicitante</i>	<i>Félix Castro Rozados</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>16.MAI.2012 Nº 2635 Data escrito 15.mai.2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento de local para destinalo a taller de electromecánica.</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Antón Alonso Ríos, 16, baixo. Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>1980011NH6218S0001KG</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico Colexiado nº PR-210</i>
<i>Proxecto</i>	<i>De Actividade Visado polo Colexio Oficial</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>

<i>Oficio de Dirección</i>	
<i>Dirección de Execución</i>	<i>José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico colegiado nº PR-210</i>
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>3.829,98 €</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3) def. o 11/05/1995*





16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reducción do ancho Rua Num 5 (apartado 2).
A.def. o 11/05/1995

16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o
07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

16.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

16.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

16.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Félix Castro Rozados, presentada con R.E. 2635 de 16.MAI.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico colexiado nºPR-210.

2. O proxecto canta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenzia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. O solo ande se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e polo Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano. Ordenanza: Edificación Cerrada (EC).**

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, no seu punto 1.4 "Actividad" é o seguinte:

"La actividad del local una vez acondicionado es la de TALLER DE ELECTROMECAÁNICA"

5. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **industrial: ART. 122.- DEFINICION** define como Uso Industrial el correspondiente a los establecimientos destinados a la obtención o elaboración de primera materia y otros productos para su inmediato uso o ulterior transformación. Asimismo se consideran establecimientos industriales,

los destinados a almacenaje de aquellos productos o material a transformar o transformados, así como a los dedicados a exposición, reparación y guarda de máquinas, siempre que presenten actividad unida a la de transformación: En concreto, neste artigo do PXOM, no grao 2 indica: "Industria compatible con la vivienda. - Comprende talleres, o pequenas industrias que producen algunas molestias, tolerables en mayor o menor grado pero permisibles según su situación independiente con respecto a las viviendas, siempre que por sus características no produzcan desprendimientos de gases, polvos u olores molestos, ruidos excesivos, vibraciones, peligro ni tampoco acumulación de tráfico".

Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art, 18 do mesmo, para a Ordenanza Edificación Cerrada (uso autorizable industrial, grado 1º, 2º e 3º), sempre que se cumpra coa s condicións establecidas no art, 122 citado no punto 7.


6. Canto ó tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo I "Actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental" figura" 1.13.1. Talleres de reparación de vehículos e maquinaria cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m2 ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW'. A Actividade que se solicita non se encadra expresamente neste punto, a xuízo deste facultativo. Porén, segundo o art. 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia'. Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.T.I. a fin de que se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.

7. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

8. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se xustifica no memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.





11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licenzia municipal:

11.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, a fin de que se clasifique a actividade consonte ao establecido no art. 13 da Lei 1/1995.

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licenzia municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 11 deste informe técnico.”**

RESULTANDO: que polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remítese escrito remitindo resolución de data 11 de outubro de 2012, (Rexistro de Saida da Xunta nº 148994, de data 18 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada no Concello nº 5495, de data 19 de outubro de 2012), no que se sinala:

“Asunto: necesidade ou non de tramitación ao abeiro do Decreto 133/2008, do 12 de xuño polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

ANTECEDENTES

Con data 11 de setembro de 2012 (entrada nº 120.254), recibese por parte do Concello de Silleda a solicitude de informe sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental da actividade de **TALLER ELECTROMECHANICO** solicitada por **FELIX CASTRO ROZADOS**.

O decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental establece que estarán sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras ou instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substanciais, contemplados no anexo I do Decreto, e que tamen estarán sometidos ao procedemento de avaliación aquelas outras actividades non



contempladas en dito anexo que merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas de acordo coas definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, nestas a decisión será motivada e adoptarse acorde cos criterios obxectivos que se determinan no Anexo II do Decreto.

A actividade obxecto do informe non está incluída no anexo I nin no anexo III polo que debe necesariamente ser incluída no anexo II, dependendo das características do proxecto o seu sometemento ou non ao trámite de avaliación de incidencia ambiental

INFORME TÉCNICO

Da análise da documentación presentada, **proxecto visado polo colexio oficial de apareladores de Pontevedra en data 15/05/2012 e da información dispoñible, e baseándose nos criterios contidos no artigo 2-2 e no anexo II do mencionado Decreto**

133/2008, este servizo de calidade ambiental considera que:

- A actividade é a de taller mecánico, pode producir molestias por ruidos e ademáis residuos perigosos (aceite usado, baterías, filtros, líquido de frenos etc.)
- Por todo o anterior e coa documentación remitida e a falta doutros datos, considerase que a actividade debería pasar o procedemento de Avaliación de Incidencia Ambiental

Lémbрасelle que o proxecto técnico terá que incluír os datos e documentación do artigo 7 e 11 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño

O Xefe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental
José Luis Rodríguez Fernández

RESOLUCIÓN

Á vista do informe do servizo de calidade e avaliación ambiental, o Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas: **RESOLVE** que a actividade de **TALLER ELECTROMECHANICO solicitada por FELIX CASTRO ROZADOS** estaría sometida ao procedemento establecido no decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Pontevedra 11 de Outubro de 2012





*O Xefe Territorial
José Luis Díez Yañez*

RESULTANDO: que o expediente **someteuse a información pública e audiencia aos interesados**, polo prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio exposto no taboleiro de anuncios do Concello, publicouse no Diario Oficial de Galicia de data 30 de novembro de 2012 (nº 229) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de decembro de 2012 (nº 233), e foron notificadas por escritos da secretaria xeral de data 04 de decembro de 2012 (rex saída día 11 de decembro de 2012, números 3007, 3023 e 3024, dona Regina Vázquez Canda, dona Ana María Bugallo Pardo e dona Nieves Míguez Troitiño, respectivamente, titulares de dereitos inmediatos ao lugar onde se pretende emprazar a actividade.

RESULTANDO: que polo secretario acetal (Decreto 14.02.13) do Concello, David García Lareo, consultado o rexistro xeral do concello, con data 20 de febreiro de 2013, emítase certificado de exposición pública non constando alegacións presentadas a este expediente.


A Xunta de Goberno Local, acorda:

Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda o emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental

5.- Proposta do Concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural, Antonio Couso Álvarez, de data 27 de febreiro de 2013, sobre Ordenanza Reguladora para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de Madeira no Concello de Silleda.

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente .Pásase a tratar o asunto:

5.- Proposta do Concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural, Antonio Couso Álvarez, de data 27 de febreiro de 2013, sobre Ordenanza Reguladora para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de Madeira no Concello de Silleda.



De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Vista a proposta do Concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural, Antonio Couso Álvarez, de data 27 de febreiro de 2013, sobre sobre Ordenanza Reguladora para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de Madeira no Concello de Silleda, que se transcribe:

"Visto que en datas recentes, e derivado da actividade de tala de árbores, producíronse serios danos en diversas pistas municipais, e a os efectos de protexer e conservar os camiños e vías públicas municipais,

PROPONSE á Xunta de Goberno Local que acorde iniciar o expediente para a redacción dunha "Ordenanza Reguladora para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de Madeira no Concello de Silleda"

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta do Concelleiro transcrita.

6.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA : "MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA"

PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Precio de licitación (IVA incl) : 181.499,98 euros (valor estimado : 149.999,98 euros; IVA 21% : 31.500 euros).

APERTURA OFERTAS DOS LICITADORES : SOBRE A " DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA "(E NO SEU CASO APERTURA DO SOBRE B " OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN)".


Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto non incluído na orde do día, que declara urxente. Pásase a tratar o asunto:

CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA : "MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA"

PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Precio de licitación (IVA incl) : 181.499,98 euros (valor estimado : 149.999,98 euros; IVA 21% : 31.500 euros).

APERTURA OFERTAS DOS LICITADORES : SOBRE A " DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA " E NO SEU CASO APERTURA DO SOBRE B " OFERTA





ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN".

Vista a documentación e a Resolución de 08 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do mar (DOG nº 198, 17-10-2012) pola que concedeuse subvención (código exp : D 12 32110-0634 ; importe da axuda 134.429,98 euros) ó concello e o escrito de 18 de outubro de 2012 do Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta de Galicia 18-10-2012, rex entr concello 19-10-12, nº5490), e visto o expediente tramitado para a contratación desta obra.

A Alcaldesa indica que se vai proceder á apertura dos sobres A "Documentación administrativa" das empresas invitadas a esta licitación que presentaran oferta, sendo as seguintes:

- CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 513). Recibido : 06-03-2013.
Presentou oferta : rex entr 12 marzo 2013, nº 1416.

- FERNANDO PENA CARAMÉS, por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 514). Recibido : 05-03-2013.
Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1328.


- SILLEDA JARDÍN CONSTRUCCIONES 2005, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 516). Recibido : 05-03-2013.
Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1355.

-CONSTRUCCIONES AREÁN S.L., por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 518). Recibido : 05-03-2013.
Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1335.

- CONST FERNANDEZ SARMIENTO , S.A. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 520). Recibido : 05-03-2013.
Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1340.

A secretaria informa da posible necesidade de que determinados aspectos deste sobre A sexan informados por un técnico, por exemplo en canto á maquinaria e medios para facer a obra, obras realizadas e aspectos similares.

O Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández indica que el considera que o prazo para subsanar os defectos da documentación deste sobre A deben ser dous días hábiles, e a Xunta de Goberno mostra conformidade con esta idea .



A Xunta de Goberno Local , en aplicación dos artigo 54 e seguintes,artigo 109 e seguintes, artigo 138 e seguintes , artigo 169 e seguintes e a Disposición adicional 2ª do RD lex 3/2011 , 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) e normativa concordante , por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-2011), por unanimidade dos presentes, **APROBA ESTE ACORDO:**

Vista a documentación e a Resolución de 08 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do mar (DOG nº 198, 17-10-2012) pola que concedeuse subvención (código exp : D 12 32110-0634 ; importe da axuda 134.429,98 euros) ó concello e o escrito de 18 de outubro de 2012 do Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta de Galicia 18-10-2012, rex entr concello 19-10-12, nº5490).

Visto o expediente tramitado para a contratación desta obra.


Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria e urxente celebrada o 24 de xaneiro de 2013 aprobou este acordo:

"2º.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DO CENTRO CULTURAL "VISTA ALEGRE" DE BANDEIRA.

(...)

A Alcaldesa somete a aprobación o proxecto técnico de obra " Proxecto de mellora do Centro Cultural "Vista Alegre " de A Bandeira : situación Rúa Xeral, s/n, A Bandeira; promotor Concello de Silleda; data maio 2012: arquitecto redactor José Luis Sanmiguel Guerreiro, nº 2564 COAG ; que inclúe orzamento (asinado en decembro de 2012) por total orzamento 181.499,98 euros (IVE 21% incluído : 31.500 euros).

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación e a Resolución de 08 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do mar (DOG nº 198, 17-10-2012) pola que concedeuse subvención (código exp : D 12 32110-0634 ; importe da axuda 134.429,98 euros) ó concello e o escrito de 18 de outubro de 2012 do Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta de Galicia 18-10-2012, rex entr concello 19-10-12, nº5490), visto o expediente tramitado para a contratación, as providencias da Alcaldesa de 18 de outubro de 2012 (entregado a secretaria 18-10-2012), de 09 novembro de 2012 (entregado a secretaria 12-11-2012) e de 13 de xaneiro 2013 (entregada a secretaria 14-01-2013) vistos os informes que constan no expediente transcritos en acta, sendo os informes xurídicos da secretaria xeral "Contrato administrativo de obra Mellora das instalacións do Centro Cultural Vista Alegre de Badeira": de 31 de outubro de 2012 (rex entr 31-10-2012, nº 5740), de 12 de novembro de 2012 (rex entr 12-11-2012, nº 5740).





5914), de 16 de novembro de 2012 (rex entr 16-11-2012, nº 6065), e de 22 de xaneiro de 2013 (rex entr 22-01-2013, nº 326) , e sendo os informes técnicos do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil: "Informe técnico de obra maior" de 07 novembro de 2012 (que incorpora informe xurídico da mesma data de Juan Carlos Peteiro Rodríguez), "Informe de supervisión de proxecto" de 07 novembro de 2012, "Informe técnico" (criterios de valoración) de 09 novembro de 2012 e "Informe técnico de contido do proxecto e informe de supervisión de proxecto " de 23 de xaneiro de 2013, segundo a competencia establecida no artigo 21,1º ,o) da 1.7/1985 RBRL e por delegación da Alcaldesa (decreto 04-11-2011), segundo a D.A. 2 e os artigos 121 e seguintes do RDlex 3/2011 Texto refundido da Lei de contratos do sector público, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar o proxecto técnico " Proxecto de mellora do Centro Cultural "Vista Alegre" de A Bandeira: situación Rúa Xeral, s/n, A Bandeira; promotor Concello de Silleda; data maio 2012: arquitecto redactor José Luis Sanmiguel Guerreiro, nº 2564 COAG ; que inclúe orzamento (asinado en decembro de 2012) por total orzamento 181.499,98 euros (IVE 21% incluído : 31.500 euros).

(Dilixencia en exercicio de fe pública : dilixenciarase este proxecto técnico pola secretaria xeral do concello para constancia do seu contido ; en concreto dilixenciarase : memoria xustificativa e descriptiva, memoria constructiva, prego xeral de condicións da edificación(1ª pax), prego particular de condicións da edificación (1ª pax), normativa técnica aplicable (1ª pax), estudo de seguridade e saúde (1ª pax), normativa e lexislación técnica relacionada coa seguridade e saúde de aplicación ás obras de construción (1ª pax), 15 planos , orzamento e medicións (11 pax)".

- **Consta acta de replanteo previo** da obra "Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira" de data 29 de xaneiro de 2013.

- **A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria (urxente) de 14 de febreiro de 2013 acordou:**

"1º.- Aprobar o informe emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado "Informe al proxecto de mejora del Centro Cultura "Vista Alegre" de A Bandeira". 2º.- Sustituir o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 polo emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado "Informe al proxecto de mejora del Centro Cultura "Vista Alegre" de A Bandeira", transcrito anteriormente e que pasa a formar parte deste expediente, indicando que esta substitución non produce ningunha modificación no resto do expediente. 3º.- Deixar sin efecto o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 que consta neste expediente."

- **Por Decreto da Alcaldesa de 18 de febreiro de 2013 iniciouse o procedemento**



de adxudicación do contrato de obra denominado Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira.

- Consta incorporado ó expediente de contratación segundo o texto que **consta no acordo da Xunta de Goberno Local** (secretario accidental David García Lareo, por Decreto 14-02-2013) **en sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2013:**

- Consta certificado de existencia de crédito na partida 414/632 no orzamento de 2013 por importe de 181.499,98 euros, emitido pola interventora municipal, de data 18 de febreiro de 2013.

- Consta informe da interventora do concello de data 20 de febreiro de 2013 "Asunto: Aprobación do prego de cláusulas administrativas do contrato de obra para a execución do proxecto denominado " Melloras das instalacións do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira".

- Consta informe-proposta do secretario accidental (Decreto 14-02-13) do concello, de data 18 de febreiro de 2013 referido ó contrato administrativo de obra: "Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira".

- O prego de cláusulas administrativas particulares: "Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira", asinado pola Alcaldesa.

- Consta informe xurídico ó prego de cláusulas administrativas particulares "Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira" emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, en data 18 de febreiro de 2013.

- O prego de prescricións técnicas: "Prego de condicións e normativa técnica aplicable" que forma parte do proxecto aprobado por esta Xunta de Goberno Local en sesión de 24 de xaneiro de 2013.

- **Asimismo a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2013 acordou:**


(.....)

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistente na MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 181.499,98 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á partida 414.632 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras consistentes na MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que o órgano de contratación solicite ofertas a tódalas empresas relacionadas co sector con domicilio fiscal en Silleda, excepto aquelas que mantén litixios técnicos ou xurídicos co Concello.





ANEXOS : - O prego de cláusulas administrativas particulares: "Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora do Centro Cultural Visla Alegre de A Bandeira", asinado pola Alcaldesa.

TRANSCRÍBESE: "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINSTRATIVAS PARTICULARES (...)".

- **Vistos os informes:** técnicos, xurídicos, de intervención, de secretaría xeral e secretaría accidental obrantes no expediente e recollidos nos citados acordos de Xunta de Goberno Local e citado Decreto da Alcaldesa.

- **Vistas as invitacións á licitación e ofertas presentadas obrantes no expediente (plazo de presentación de ofertas: 5 días hábiles dende que reciban a invitación), resultando así:**

- CONS. PEREIRO Y CAMPOS . S.L., por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 522). Recibido : 05-03-2013.
Non presentou oferta.

- CONSTRUCCIONES REY ROZADOS, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 519). Recibido : 05-03-2013.
Non presentou oferta .

- ABASTECIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.A., por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 523). Recibido : 05-03-2013.
Non presentou oferta.

- URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L., por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 515). Recibido : 05-03-2013.
Non presentou oferta.

- CONSTRUCCIONES LORENZO GARCIA , S.C. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 521). Recibido : 06-03-2013.
Non presentou oferta.

- CONSTRUCCIONES TECO GALICIA , S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 517). Recibido : 06-03-2013.
Non presentou oferta.

- CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 513). Recibido : 06-03-2013.
Presentou oferta: rex entr 12 marzo 2013, nº 1416.



- FERNANDO PENA CARAMÉS, por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 514). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta: rex entr 11 marzo 2013, nº 1328.

- SILLEDA JARDÍN CONSTRUCCIONES 2005, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 516). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta: rex entr 11 marzo 2013, nº 1355.

-CONSTRUCCIONES AREÁN S.L., por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 518). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta: rex entr 11 marzo 2013, nº 1335.

- CONST FERNANDEZ SARMIENTO , S.A. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 520). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta: rex entr 11 marzo 2013, nº 1340.

Abertos pola Xunta de Goberno Local os sobres A " Documentación administrativa" das cinco empresas que presentaron oferta:

- CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 513). Recibido : 06-03-2013.

Presentou oferta : rex entr 12 marzo 2013, nº 1416.

- FERNANDO PENA CARAMÉS, por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 514). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1328.

- SILLEDA JARDÍN CONSTRUCCIONES 2005, S.L. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 516). Recibido : 05-03-2013.


Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1355.

-CONSTRUCCIONES AREÁN S.L., por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 518). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1335.

- CONST FERNANDEZ SARMIENTO , S.A. , por escrito da Alcaldesa de 05 de marzo de 2013 (rex saída 05-03-2013, nº 520). Recibido : 05-03-2013.

Presentou oferta : rex entr 11 marzo 2013, nº 1340.





A Xunta de Goberno Local tendo en conta o anterior acorda :

Que, aberta na presente sesión os sobres A "Documentación administrativa" das cinco empresas que se presentaron á licitación do presente contrato de obra "Mellora do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira", requírese á interventora e á secretaria xeral do concello que informen , por escrito en relación á documentación presentada polas empresas neste sobre A "Documentación administrativa" en relación á necesidade ou non de subsanación de documentación polas empresas, e de ser o caso con informe técnico.


E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de marzo de 2013.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral


Asdo. Cristina Alonso Losada

